

BASES E CONVOCATORIA

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto das axudas será o de fomentar a presentación de propostas de proxectos en convocatorias internacionais de I+D nas que participe o persoal investigador do IDEGA.

SEGUNDA. Características das axudas

Financiaranse os custes asociados á elaboración de propostas de proxectos en convocatorias internacionais de I+D por parte de persoal investigador do IDEGA ata un máximo de 2.000€ por proposta.

A axuda será administrada pola Dirección do IDEGA, que atenderá aos gastos solicitados, axustándose á tipoloxía de gasto marcada na partida orzamentaria.

A axuda financiará gastos efectuados no ano 2026. A xustificación económica tense que realizar antes do 30/09/2026.

TERCEIRA. Requisitos das persoas beneficiarias

Poderán acceder a solicitar estas axudas os e as investigadores/as vinculados ao IDEGA.

CUARTA. Criterios de adxudicación das axudas

As axudas adxudicaranse a todos aqueles solicitantes que cumpran o establecido nestas bases ata esgotar o crédito existente. O crédito total asignado para esta convocatoria é de 5.000€.

QUINTA. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes poderán presentarse ata que se esgote o crédito total asignado, pero non máis tarde **do día 31 de xullo de 2026**.

SEXTA. Resolución

A Dirección do Centro resolverá as solicitudes recibidas nun prazo non superior a 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao da presentación, e informará por correo electrónico aos solicitantes. Os solicitantes poderán presentar solicitude de revisión da resolución mediante correo electrónico enviado a idega@usc.gal no prazo de 3 días hábiles contados dende o día seguinte ao envío da mensaxe de correo electrónico que informa da resolución.

SÉTIMA. Resolución, notificación e réxime de recursos.

A Dirección do IDEGA ditará a resolución que poña fin ao procedemento nun prazo máximo de quince días contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e comunicarse de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. A falta de resolución e notificación no prazo sinalado dará lugar a que se entendan desestimadas as correspondentes solicitudes.

De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.